
CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	3
<i>Prácticas remuneradas</i>	3
<i>Emprego</i>	3
Participación dos cidadáns	4
<i>Iniciativas lexislativas</i>	4
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	4
Actos xurídicos	5
<i>Actos lexislativos</i>	5
Estatísticas do Eurostat	6
<i>Indicadores económicos</i>	6
<i>Outros datos</i>	6
Publicacións do Tribunal de Contas da UE	8
Suxestións bibliográficas	9
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	9
<i>Outras obras</i>	10

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido.

ACTUALIDADE

Composición da nova Comisión

O Goberno de España, liderado polo socialdemócrata Pedro Sánchez, comunicou oficialmente á Comisión Europea a candidatura da actual vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica e o Desafío Demográfico, Teresa Ribeira, como comisaria no novo executivo comunitario que presidirá a conservadora alemá Ursula von der Leyen. Von der Leyen pediu aos estados membros que propoñan os seus candidatos antes de 30 de agosto. O principal problema que ten agora é que a maioría de aspirantes, un por estado, son homes, o que non concorda coa paridade prometida pola xefa da Comisión.

Máis información [no *Político*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Conflicto en Palestina

A Comisión lembrou o rexeitamento da UE ás execucións extraxudiciais e o seu apoio ao estado de dereito, após a morte do líder da organización terrorista Hamás, Ismail Haniyeh, nun ataque en Teherán cando realizaba unha visita oficial a Irán, e urxiu todas as partes a evitaren unha escalada da violencia. • Varios estados da UE, entre eles España, Francia, Portugal e Irlanda, alén do xefe da diplomacia comunitaria, o español Josep Borrell, condenaron o ataque israelí contra unha escola en Gaza, que deixou mais de cen mortos, e exixiron un cesamento do fogo «inmediato» en Palestina.

Máis información sobre [as declaracións da Comisión](#) e sobre [a condena de Borrell](#) no [EuroEFE-Euractiv](#).

Vacinas contra a mpox

A Autoridade de Preparación e Resposta perante Emerxencias Sanitarias da Comisión Europea (HERA, polas siglas en inglés), adquirirá e doará 175.420 doses da vacina MVA-BN®, a única vacina contra a mpox (anteriormente coñecida como varíola dos simios) aprobada pola Axencia Europea de Medicamentos comunitaria (EMA) e a *Food and Drug Administration* estadounidense (FDA), como resposta inmediata á emerxencia da mpox en África. Alén diso, a empresa farmacéutica Bavarian Nordic, que produce a vacina, dará 40.000 doses á HERA. Os Centros para o Control e a Prevención de Doenzas en África (CDC) distribuirán todas estas vacinas segundo as necesidades rexionais. A HERA está a colaborar cos CDC africanos co obxectivo de ampliar o acceso ao diagnóstico e a secuenciación de mpox na rexión, cunha subvención prevista de 3,5 millóns de euros.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Eleccións en Venezuela

O O alto representante da UE para as Relacións Externas e a Política de Seguranza, o español Josep Borrell, declarou que os estados membros perderan a esperanza de que Nicolás Maduro presente probas da súa vitoria nas eleccións en Venezuela e que, por tanto, non aceptarán a súa lexitimidade como presidente electo. Borrell tamén explicou que os estados membros optaran por

non impor novas sancións a Venezuela, após teren xa sancionadas 55 personalidades políticas do país suramericano.

Máis información sobre a lexitimidade de Maduro [no *The Guardian*](#) (en inglés).

Máis información sobre as sancións [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Fabricación de microchips

A Comisión Europea aprobou unha axuda pública de 5.000 millóns de euros do goberno alemán para a construción dunha fábrica de chips da firma taiwanesa Taiwan Semiconductor Manufacturing Company (TSMC) na cidade alemá de Dresde. A presidenta da Comisión, a conservadora alemá Ursula von der Leyen, sinalou que este esforzo do executivo alemán fica encadrado dentro dos 115.000 millóns de euros en investimentos públicos e privados para o sector dos chips na UE desde que se lanzou a «Lei Europea de Chips» en 2022.

Máis información [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, [a través de Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*) (en inglés). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC) (en inglés). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Varios prazos.
- [Tribunal de Xustiza da UE](#). Prazo até 15 de setembro.
- [Comité Económico e Social Europeo](#). Prazo até 30 de setembro.
- [Consello das Rexións](#). Prazo até 30 de setembro.
- [Consello da UE](#). Prazo desde 4 de setembro até 2 de outubro.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.

Emprego

- Empregos para investigadores financiados polas [accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#) (sección *Job vacancies*, en inglés). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión](#) (*Joint Research Centre, JRC*) (en inglés). Varios prazos.
- Empregos para investigadores científicos [ofrecidos por Euraxess](#) (en inglés). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO](#) para a Comisión e diferentes institucións, organismos e axencias da UE. Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Prazo até 9 de setembro.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

[Máis información](#) sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Iniciativas legislativas

- «Stop Destroying Videogames» (Paren de destruír videoxogos). Prazo até 31 de xullo de 2025.

Consultas públicas aos cidadáns

- Fondo de Seguranza Interna-Fronteiras Externas e Visados (FSI-Fronteras e Visados) para o período 2014-2020: Avaliación ex post. Prazo até 21 de novembro.
- Fondo de Seguranza Interna-Policía (FSI-Policía) para o período 2014-2020: Avaliación ex post. Prazo até 21 de novembro.
- Fondo de Asilo, Migración e Integración (FAMI) para o período 2014-2020: Avaliación ex post. Prazo até 22 de novembro.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de xuño de 2024, por que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial (Regulamento de Intelixencia Artificial). (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2024/1991 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2024, relativo á restauración da natureza. (Texto pertinente para efectos do EEE.)

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Inflación anual na eurozona.
- Desemprego na eurozona.
- Produción na construción.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- PIB e emprego na eurozona.
- Produción industrial.
- Produción no sector dos servizos.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.

Outros datos

- Perzos das viaxes organizadas.
- Indicadores sociais.
- Dixitalización das empresas.
- Metas de desenvolvemento sustentable: Consumo e produción responsables.
- Metas de desenvolvemento sustentable: Protección mariña.
- Mortes por afogamento.
- Comercio de mercadorías.
- Bombeiros e protección contro os incendios.
- Datos sobre a agricultura.
- Emprego de persoas recentemente graduadas.
- Estatísticas chave.
- Peticións de asilo.
- Fontes de electricidade.
- Bancarrotas e rexistros de empresas.
- Emisións de gases contaminantes nas actividades económicas.

- Emporacións extracomunitarias de cocos.
- Protección temporal.
- Hábitos de lectura.
- Produción de patacas.
- Produción de xeados.
- Orzamento para I+D.
- Persoas graduadas en medicina e odontoloxía.
- Produción de cervexa.
- Automóviles de batería.
- Mensaxes ofensivas na internet.
- Transporte de mercadorías por estrada.
- Pesca e acuicultura.
- Satisfacción coas relacións persoais.

PUBLICACIÓN DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 13/2024: A absorción de fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Mohr, Pablo, ed. 2023. *L'objet et la fonction de la propriété intellectuelle: Réflexions à partir de la jurisprudence de la CJUE*. Bertrange: Legitech éditeur juridique.

Este libro trata sobre a xurisprudencia comunitaria en materia de propiedade intelectual. A través dos estudos xurídicos incluídos na obra, os diferentes autores comparten as súas reflexións sobre o tema fundamental — o propósito e a función da propiedade intelectual — iluminándoo desde varios ángulos.

Sanz Caballero, Susana, ed. 2023. *¿La Europa de los valores?: El declive del Estado de Derecho en la Unión Europea*. Cizur Menor: Aranzadi.

Ha menos de vinte e cinco anos, o debate sobre a crise do estado de dereito era inimaxinable na UE. Era plenamente compartido que a UE só admitía estados democráticos, respectuosos dos dereitos humanos e defensores das ideas de liberdade. Tamén se daba por certo que os candidatos, unha vez xa dentro da organización, só podían perfeccionar e mellorar o seu respecto dos principios nos que se basea o estado de dereito (a legalidade, a separación de poderes, a rendición de contas, a independencia xudicial e a liberdade de prensa, entre outros). Porén, as tendencias dos últimos anos demostran que se pode desandar o camiño andado. Neste sentido, nalgúns estados membros detéctanse ataques esporádicos mais preocupantes contra os valores en que a UE se basea, incluíndo o estado de dereito, en canto noutros a deriva xa é directamente autocrática. Por iso, os investigadores que participan nesta obra uníronse para presentaren o seu diagnóstico e o seu pronóstico sobre esta doenza que padece a UE en forma de crise do estado de dereito.

Moreno Juste, Antonio, Carlos Sanz Díaz, e Ricardo Manuel Martín de la Guardia, eds. 2023. *Memoria de Europa: La adhesión de España a las Comunidades Europeas*. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.

O propósito deste volume é a recuperación dun dominio chave na construción da memoria democrática de España: a UE. O obxectivo, en consecuencia, é múltiple: en primeiro lugar, achegar aos cidadáns a historia e a memoria da participación de España na integración comunitaria; en segundo lugar, pór en valor a memoria da xeración de protagonistas da integración de España na UE; finalmente, dar a coñecer a vixencia do seu legado para o momento actual da UE e considerar o camiño percorrido por España nas Comunidades Europeas como base para proxectar as prioridades e obxectivos da sociedade española en Europa.

Outras obras

Segers, Mathieu, e Steven Van Hecke, eds. 2023. *The Cambridge History of the European Union: Volume 1: European Integration Outside-In*. Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/9781108780865>.

O primeiro volume desta historia da UE examina esa historia dunha perspectiva externa, respondendo ás seguintes preguntas: como se ve a UE desde fóra e que forzas externas deron forma e guiaron o proceso de integración comunitaria? Dividido en tres partes, a primeira aborda os principais acontecementos externos que guiaron o proceso de integración, con énfase nos momentos críticos como a división e reunificación de Alemaña e a ampliación para o Leste. A segunda parte analiza as diversas tendencias internacionais que deron forma á integración comunitaria, con especial atención á globalización e a xeopolítica. En canto as dúas primeiras partes prestan especial atención ás institucións, os estados, as organizacións internacionais e os principais axentes, a terceira parte céntrase no papel das ideas, as redes, a opinión pública e a memoria que influíron no desenvolvemento da UE.

Segers, Mathieu, e Steven Van Hecke, eds. 2023. *The Cambridge History of the European Union: Volume 2: European Integration Inside-Out*. Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/9781108781480>.

O segundo volume desta historia da UE examina esa historia dunha perspectiva de dentro para fóra, centrándose nos acontecementos internos que deron forma ao proceso de integración comunitaria. Dividido en tres partes, a Parte I cobre os principios que definiron a integración, explorando os tratados e as súas mudanzas ao longo do tempo, sendo o *brexit* un fito central. A Parte II considera os diferentes instrumentos dentro da arquitectura da integración comunitaria, con especial atención ao desenvolvemento de políticas, o euro e o alargamento. A Parte III concéntrase nos diversos relatos ao redor da integración. Isto inclúe o concepto de «*longue durée*», a paz, a cultura europea, (a ausencia de) relixión, a prosperidade e (a falta de) solidariedade e democracia.

Brandsma, Gijss J., ed. 2024. *Handbook on European Union Public Administration*. Cheltenham: Edward Elgar Publishing. <https://doi.org/10.4337/9781802209013>.

Este manual presenta as institucións, organizacións e procesos de formulación de políticas que conforman a administración pública da UE, incluíndo aqueles que adoitan operar de forma oculta, e analiza criticamente o estado actual da investigación. A obra presta especial atención á natureza multinivel da gobernación da UE.